

**SECRETARÍA GOBERNO
LOCAL****CONCELLERÍA DE ÁREA DE
GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL****CONCELLO DE
VIGO****MEMORIA DE ANÁLISE DE IMPACTO NORMATIVO DO REGULAMENTO DA MESA XERAL
DE NEGOCIACIÓN CONXUNTA DE PERSOAL FUNCIONARIO E LABORAL DO CONCELLO
DE VIGO.-**

A obrigación de elaborar unha memoria de análise de impacto antes de aprobar unha norma está prevista para a Administración estatal na Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno e o seu contido regúlase no Real Decreto 931/2017, do 27 de outubro, polo que se regula a Memoria da Análise de Impacto Normativo adaptándose así ao previsto á Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e á Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRJSP).

A nivel local, a Lei 7/1985, do 2 de abril, das bases de Réxime Local (LRBRL) non obriga no procedemento de elaboración das ordenanzas a realizar unha memoria de análise de impacto normativo (MAIN) Tampouco a normativa autonómica, Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia contempla a súa esixencia.

Con todo existen pronunciamentos doutrinais contraditorios en relación a esixencia de elaboración da MAIN con motivo da elaboración de ordenanzas/regulamentos nas entidades locais,

Dun lado, unha parte da doutrina entende que a esixibilidade da MAIN deriva dos principios de boa regulación consagrados no artigo 129 da LPAC: (1) (2) principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia, e eficiencia; sendo, por tanto, obrigatoria.

Doutra banda, outro sector defende a inesixibilidade da MAIN sobre a base de que a Lei 50/1997 e o RD 931/2017 non resultan de aplicación ás entidades locais, senón á Administración Xeral do Estado, sen que iso obste para que no exercicio da potestade regulamentaria polo conxunto das Administracións Públicas deba quedar xustificado o sometemento aos principios de boa regulación conforme o disposto no artigo 129 da LPAC,. Nesta liña tamén se pronunciou a STS de Castela e León núm. 947/2022, do 22 de xullo, ou a STSJ de Madrid núm. 445/2020, do 27 de xullo.

Non entanto, autores (Velasco Caballero, 201-pág 328)¹ recomendan a súa redacción dada a directa conexión da MAIN cos valores de boa administración que contén o artigo 103.1 CE.

E por isto que a presente memoria elabórase no marco do principios de boa regulación consagrados no artigo 129 da LPAC e valores de boa administración recollidos no artigo 103.1 CE seguindo, ante a ausencia de normativa local específica, a Guía Metodolóxica para la elaboración de la memoria del análise de impacto normativo (MAIN), aprobada por acordo do Consello de Ministros de 11 de decembro de 2009 conforme o disposto na Disposición Adicional Primeira do Real Decreto 931/2017, do 27 de outubro.

1 Velasco Caballero, Francisco (2019). «Elaboración de Ordenanzas y Ley de Procedimiento Administrativo Común». Revista Vasca de Administración Pública. Número 113. enero-Abril 2019. Páginas 299-349.



Copia do documento - Concello de Vigo
1849-1102

Data impresión: 25/09/2025 09:42 Páxina 1 de 8
CSV: A9A686-D2A6E2-C22F52-MJ8EMQ-FAM1LA-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Esta proposta normativa ten por obxecto establecer as normas de organización e funcionamento da Mesa Xeral de Negociación Conxunta de persoal funcionario e laboral do Concello constituída conforme aos artigos 35 e 36 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP). O obxecto deste regulamento , en canto regula cuestións tendentes á organización e funcionamento da Mesa xeral de negociación, xustifica a realización da memoria en formato abreviado, ao non desprezar ningún impacto relevante dende o punto de vista competencial, orzamentario, económico, de xénero ou en materia de simplificación de procedementos.

Por tanto, presente memoria inclúe os seguintes apartados: resumo executivo, oportunidade da proposta, contido, análise xurídica, tramitación, impacto competencial, impacto organizativo e impacto orzamentario.

2.- RESUMO EXECUTIVO

DATOS XERAIS	
Órgano proponente	Concellería de Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal.
Título da disposición	Regulamento
Título da norma	Regulamento da Mesa Xeral de Negociación Conxunta de persoal funcionario e laboral do Concello de Vigo
Inclusión da proposta no Plan Normativo	Non
Consulta pública previa	Non
Tipo de memoria	Abreviada
OPORTUNIDADE DA PROPOSTA	
Situación que se regula	Establecer as normas de organización e funcionamento da Mesa Xeral de Negociación Conxunta de persoal funcionario e laboral do Concello conforme o artigo 15.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP). Ditas normas conforme a súa disposición adicional segunda serán de aplicación con carácter supletorio, ás mesas de negociación que carezan de normas propias de funcionamento, agás no que se refire á composición.
Obxectivos que se perseguen	Establecer un marco común de funcionamento para todas as mesas e así, poder realizar unha labor de negociación organizada e á vez áxil que dea resposta aos intereses do persoal empregado público, logrando así unha maior eficiencia na xestión das materias suxeitas a negociación.
Principais alternativas consideradas	1.- Non actuar, mantendo os criterios de funcionamento da Mesa Xeral de Negociación do Concello (aprobados en XGL de data 11.07.2019)e respecto do que non está previsto o TREBEP, Lei 40/2015. 2.- Aprobar o regulamento que supón unha mellora no proceso de negociación e se contempla a súa aplicación supletoria a mesa de negociación persoal e funcionario.



3. CONTIDO E ANÁLISE XURÍDICO	
Tipo de norma	Regulamento
Estrutura da norma	O regulamento estrutúrase en tres capítulos que conteñen catorce artigos, dúas disposicións adicionais e unha disposición final única.
Informes emitidos /acordos adoptados.	Acordo da mesa xeral de Mesa Xeral de Negociación Conxunta de persoal funcionario e laboral do Concello de data 5.05.2025. Informe de impacto de xénero de data 23.05.2025.
Trámite de audiencia	Exposición pública trala aprobación inicial.
Normas derogadas	No se derrogan normas específicas.
ANÁLISE DE IMPACTOS	
Impacto competencial	Título competencial: o regulamento aprobáse no exercicio da potestade de autoorganización prevista no artigo 4.1.da LRBRL en relación co artigo 15.2 da LRXSP.A norma non ten efectos significativos sobre a competencia.
Impacto económico e presupostario	A iniciativa normativa non ten efectos nos presupostos municipais.
Efectos sobre cargas administrativas	A iniciativa normativa non implica maiores cargas administrativas innecesarias ou accesorias.
Efectos sobre a economía xeral	Non se aprecia que a norma poida ter efectos positivos ou negativos sobre a economía.
Impacto de xénero	A norma non ten impacto de xénero
Impacto en materia de non discriminación e igualdade de oportunidades	A norma non ten impacto en materia de discriminación e igualdade de oportunidades.

3.- OPORTUNIDADE DA PROPOSTA.-

3.1. Situación que se regula.

No ámbito da función pública deberá constituírse a Mesa Xeral de Negociación para materias e condicións de traballo comúns ao persoal laboral e funcionario (art. 36.3 TREBEP) e a Mesa Xeral de Negociación relacionada coas condicións de traballo comúns aos funcionarios (arts. 34.1 E 3 TREBEP).

O Concello de Vigo, mediante sendas resolucións da concelleira delegada de Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal de data 23.01.2024 determinou a composición numérica da Mesa Común de negociación para o persoal funcionario do Concello de Vigo e da Mesa Común de negociación para o persoal funcionario do Concello de Vigo para o período 2023-2027. Así mesmo, en data 3.04.2025 por resolución do mesmo órgano acordouse a constitución da Mesa de negociación para o persoal laboral do Concello de Vigo, para o período 2023-2027.

En data 4.12.2015 a Xunta de Goberno Local prestou aprobación aos criterios de funcionamento da mesa xeral de negociación (expte 26.805/220). Posteriormente, dito acordo, foi modificado por acordo da Xunta de Goberno local de data 22.11.2018 (expte : 32981-220), acordo da Xunta de Goberno Local, de data 22/03/2019 (expte: 33742- 220) e acordo de data 11.07.2019 (expte:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/09/2025 09:42	Páxina 3 de 8
1849-1102	CSV: A9A686-D2A6E2-C22F52-MJ8EMQ-FAM1LA-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

33742/220). En data 4.12.2025 a Mesa Xeral de Negociación Colectiva común para o persoal funcionario e laboral por consenso acordou oportuno modificar os criterios de funcionamento da Mesa Xeral de Negociación do Concello (aprobados en XGL de data 11.07.2019).

Este regulamento ten por obxecto o establecemento das normas de organización e funcionamento da Mesa Xeral de Negociación Conxunta de persoal funcionario e laboral do Concello conforme o artigo 15.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP). Ditas normas conforme a súa disposición adicional segunda serán de aplicación con carácter supletorio, ás mesas de negociación que carezan de normas propias de funcionamento, agás no que se refire á composición. Deste xeito a proposta de regulamento pretende establecer un marco común de funcionamento para todas as mesas de negociación que se constitúan no ámbito do concello.

3.2. Obxectivos que se perseguen

A norma ten por obxecto:

- a) Dotar a Mesa Xeral de Negociación Conxunta de persoal funcionario e laboral dunha regulamentación acorde a súa necesidades e funcionamento actuais.
- b) Establecer un marco común de funcionamento para todas as mesas e así, poder realizar unha labor de negociación organizada e á vez áxil que dea resposta aos intereses do persoal empregado público, logrando así unha maior eficiencia na xestión das materias suxeitas a negociación.

3.3. Adecuación aos principios de boa regulación

Analízase a adecuación da norma aos principios de boa regulación do artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Respecto da adecuación da mesma aos principios de necesidade e eficacia, debe sinalarse que a mesma se adecúa a un obxectivo de interese xeral, como é o de fortalecer a negociación colectiva de xeito que a defensa do persoal empregado público vaia sempre relacionada coa defensa e mellora da calidade dos servizos públicos. Proponse o establecendo dun marco xurídico para poder realizar un labor de negociación pautada e á vez áxil que dea resposta aos intereses do persoal empregado público.

Respecto do principio de eficacia, a norma é un instrumento eficaz para responder a estes obxectivos. Considérase, así mesmo, que é o instrumento máis adecuado para completar a organización e funcionamento da mesa de negociación.

Este proxecto de ordenanza é coherente tamén co principio de proporcionalidade. Supón o medio necesario e suficiente para establecer o marco legal da negociación colectiva conforme aos preceptos legais aplicables e vontade das partes que conforman a mesa de negociación sen exceder dos requisitos legais.

Finalmente, a norma non conleva restrición de dereitos senón que pola contra introduce toda unha serie de previsións que contribúe ao desenvolvemento da negociación sindical baixo os principios de boa fe e transparencia co fin de acadar unha negociación organizada e á vez áxil que dea resposta aos intereses do persoal empregado público.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/09/2025 09:42	Páxina 4 de 8
1849-1102	CSV: A9A686-D2A6E2-C22F52-MJ8EMQ-FAM1LA-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

O principio de seguridade xurídica tamén se cumpre con este proxecto. Regúlanse aspectos non contemplados na normativa do TREBEP nin no TRLET, nin Lei 40/2015, do 1 de outubro, e que se considera necesario regular, como son o número de sesións ordinarias, forma de realizar as convocatorias, documentación, actas e outros aspectos, dando así maior seguridade xurídica ás partes interesadas, non existindo outro medio para iso, cal é o presente Regulamento (art. 15.2 LRXSP).

Tamén supón, unha mellora do principio de transparencia, pois reforza as garantías no diálogo social e favorece o seu cumprimento.

Por último, a norma busca ser coherente co principio de eficiencia, sendo un dos seus obxectivos completar as normas de organización e funcionamento das mesas de negociación establecendo un marco de actuación único.

3.4. Principais alternativas consideradas

1.- Non actuar, mantendo os criterios de funcionamento da Mesa Xeral de Negociación do Concello (aprobados en XGL de data 11.07.2019) aplicando supletoriamente o TREBEP e LRXSP).

2.- Aprobar o regulamento que supón unha mellora no proceso de negociación da mesa Xeral de Negociación do Concello que a súa vez opera como norma supletoria das mesa de negociación de funcionarios e persoal laboral.

Razóns de seguridade xurídica aconsellan proceder ao desenvolvemento regulamentario co fin de asegurar un marco común de funcionamento para todas as mesas e así, poder realizar unha labor de negociación organizada e á vez áxil que dea resposta aos intereses do persoal empregado público.

3. CONTIDO E ANÁLISE XURÍDICO.-

3.1. Estrutura da Norma:

O regulamento estrutúrase en tres capítulos que conteñen catorce artigos, dúas disposicións adicionais e unha disposición final única.

Capítulo I regula o ámbito, obxecto e recolle os principios básicos da actuación negocial.

Capítulo II regula a representatividade das organización sindicais así como composición da Mesa Xeral de Negociación Conxunta de persoal funcionario e laboral: Presidencia, Secretaría e membros da mesa así e as materias obxecto da negociación.

Capítulo III.- Normas Xerais de Funcionamento establece o réxime de sesións, orde do días, actas e formas de adopción dos acordos.

Disposición Adicional Primeira regula o réxime de renovación dos membros das Mesas con motivo da reestruturación da Corporación e cada cada catro anos con motivo do proceso electoral sectorial.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/09/2025 09:42	Páxina 5 de 8
1849-1102	CSV: A9A686-D2A6E2-C22F52-MJ8EMQ-FAM1LA-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Disposición Adicional Segunda, determina as normas aplicables para o non previsto no regulamento e establece a súa aplicación supletoria ás mesas de negociación que carezan de normas propias de funcionamento, agás no que se refire á composición.

Disposición Final Única. Publicación e entrada en vigor para o cal se remite a Lei 7/1985 Reguladora de Bases de Réxime Local.

3.2 -Análise xurídico

O proxecto de regulamento desenvólvese conforme o disposto no artigo 15. 2 da LRXSP “*Os órganos colexiados das distintas administracións públicas en que participen organizacións representativas de intereses sociais, así como aqueles compostos por representacións de distintas administracións públicas, contén ou non con participación de organizacións representativas de intereses sociais, poderán establecer ou completar as súas propias normas de funcionamento*” Concretamente a a Mesa Xeral de Negociación Colectiva común para o persoal funcionario e laboral en sesión de data 4.12.2025 por consenso acordou oportuno modificar os criterios de funcionamento da Mesa Xeral de Negociación do Concello (aprobados en XGL de data 11/07/2019).

3.3 Informes emitidos/acordos adoptados:

a) A proposta de regulamento non está incluída no Plan Normativo para o ano 2025 aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 25.11.2025. Neste senso as directrices para a elaboración do plan anual normativo aprobada pola Xunta de Goberno Local de data 31.08.2017 determina que “*Os concelleiros delegados poderán elevar ao Pleno para a súa aprobación propostas normativas que non figuren no Plan Anual xustificándoo na Memoria do Análise de Impacto Normativo de cada Regulamento*”

A proposta do Regulamento da Mesa Xeral de Negociación Conxunta de persoal funcionario e laboral do Concello de Vigo non foi incluída no Plan Normativo para o ano 2025 toda vez que as partes da mesa de negociación acordaron a modificación dos vixentes criterios de funcionamento da Mesa Xeral de Negociación do Concello (aprobados en XGL de data 11.07.2019) en data posterior a aprobación de dito plan.

b) Consulta pública previa a elaboración do anteproxecto: non aplica ao tratarse dun proxecto de disposicións organizativas (art. 133.1 Lei 39/2015).

c) Elaboración do anteproxecto normativo:

d) Acordo da mesa de negociación

e) Informe de impacto de xénero

g) Elaboración da Memoria de Análise de Impacto Normativa que se cumpre co presente documento.

3.4. Trámite de audiencia

O regulamento someterase ao trámite de información pública e audiencia aos interesados, por prazo mínimo de trinta días, para a presentación de reclamacións e suxestións. Este trámite ten



Copia do documento - Concello de Vigo
1849-1102

Data impresión: 25/09/2025 09:42

Páxina 6 de 8

CSV: A9A686-D2A6E2-C22F52-MJ8EMQ-FAM1LA-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

carácter ineludible (STS 29/06/2017 rec. 1964/2016) e lévase a cabo mediante a publicación dun anuncio no BOP indicando o lugar de exposición (art 196 RD 2568/1986). Así mesmo o texto íntegro do proxecto de ordenanza debe publicarse no portal de transparencia (art. 7 c) e art. 7 e) da Lei 19/2013) e estar a disposición a través de medios electrónicos na sede electrónica (art. 83.2 da Lei 39/2015).

3.5. Normas derogadas

Non se derrogan normas específicas en tanto que o regulamento proposto é de nova creación.. Non obstante, trala entrada en vigor do regulamento en os criterios de funcionamento da Mesa Xeral de Negociación do Concello (aprobados en XGL de data 11.07.2019) deixarán de ser aplicables.

4.- ANÁLISE DE IMPACTOS.-

4.1. Impacto competencial

O artigo 4.1.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, establece que “na súa calidade de Administracións públicas de carácter territorial, e dentro da esfera das súas competencias, corresponden en todo caso aos municipios (...) As potestades regulamentaria e de autoorganización.”. Por outra banda, o Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións vixentes en materia de Réxime Local, dispón no seu artigo 55, que “na esfera da súa competencia, as Entidades locais poderán aprobar Ordenanzas.” Con arranxo á nomenclatura tradicional, aquelas denomínanse como Ordenanzas (as reguladoras da actividade dos veciños e particulares) e Regulamentos (reguladores dos servizos e órganos municipais).

O órgano competente para súa aprobación é o Pleno da Corporación conforme o artigo 123.1.c) e 137.5 da LRBRL se ben a aprobación do anteproxecto corresponde a Xunta de Goberno Local.

4.2. Impacto económico e presupostario

Dende o punto de vista presupostario, a iniciativa normativa non ten efectos significativos no presuposto.

4.3. Efectos sobre cargas administrativas

Dende o punto de vista das cargas administrativas, a iniciativa normativa non implica maiores cargas administrativas innecesarias ou accesorias. O regulamento ten por obxecto establecemento dun marco común na organización e funcionamento das mesas de negociación que actualmente xa se están desenvolvendo.

4.4. Efectos sobre a economía xeral

Non se aprecia que a norma poida ter efectos positivos ou negativos sobre a economía.

4.5. - Impacto por razón de xénero

A proposta de regulamento ten por obxecto establecemento dun marco común na organización e funcionamento das mesas de negociación , sen que advirta que poidan existir desigualdades de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/09/2025 09:42	Páxina 7 de 8
1849-1102	CSV: A9A686-D2A6E2-C22F52-MJ8EMQ-FAM1LA-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

partida entre homes e mulleres, en relación coa tramitación destes procedementos, nin se prevé alteración algunha desa situación, polo que se considera que ten un impacto nulo en materia de xénero.

4.6.- Impacto en materia de non discriminación e igualdade de oportunidades

A proposta que se pretende non supón discriminación nin implica ningunha consecuencia negativa nin sobre a igualdade de oportunidades, tendo un impacto nulo.

Vigo, en data sinatura dixital

A instrutora, Secretaria de Goberno Local, Susana Gallardo Fariña



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/09/2025 09:42	Páxina 8 de 8
1849-1102	CSV: A9A686-D2A6E2-C22F52-MJ8EMQ-FAM1LA-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		